

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

**876** *Real decreto 33/2014, do 24 de xaneiro, polo que se desenvolve o título II da Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.*

O título II da Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, regula o apoio á exportación de material de defensa polo Ministerio de Defensa.

Este apoio artículase mediante dúas relacións xurídicas: unha horizontal, de goberno a goberno, entre o goberno solicitante e o Goberno español, e unha vertical, entre o Goberno español, por medio do Ministerio de Defensa, e unha ou máis empresas fornecedoras.

A relación horizontal aséntase sobre a celebración dun contrato entre o Goberno de España e outro goberno estranxeiro, tal e como se prevé no artigo 7.1.g) da Lei 24/2011, do 1 de agosto, de contratos do sector público nos ámbitos da defensa e da seguridade. En virtude dese contrato, o goberno estranxeiro solicita ao Goberno de España que realice as actuacións de contratación en nome e representación do dito goberno estranxeiro, supervisión, apoio loxístico e transferencia de tecnoloxía necesarios para entregarlle un determinado material de defensa, nos termos que se conteñen no artigo 8 da Lei 12/2012, do 26 de decembro.

Pola súa parte, a relación vertical desenvólvese mediante as actividades que, en virtude da encarga anterior, realizará o Ministerio de Defensa no tráfico xurídico interno aplicando os mecanismos vixentes de contratación administrativa do sector público, así como o réxime de control da xestión económico-financeira e o réxime sancionador previstos na normativa orzamentaria.

Este real decreto ten por finalidade desenvolver as actividades do Ministerio de Defensa español no proceso establecido na citada Lei 12/2012, do 26 de decembro.

Simultaneamente, regúlanse todas aquelas ocasións en que a normativa xeral de contratación do sector público prevé un fluxo de fondos entre unha administración pública e un contratista, de modo que os fluxos de fondos que operan nesta relación non se vinculen á Facenda pública española senón a unha conta de situación de fondos constituída polo goberno estranxeiro para responder das obrigacións que este asumise. Desta maneira garántese que o aboamento dos xuros de demora, indemnizacións e calquera outro desembolso que se deba realizar ao contratista como consecuencia da execución do contrato será a cargo do goberno estranxeiro.

Como elemento de feche, seguindo o exemplo do dereito comparado, regulouse o reembolso dos gastos ocasionados ao Ministerio de Defensa con cargo á citada conta de situación de fondos do goberno estranxeiro, de tal modo que o apoio prestado se realice sen custo nin beneficio para o Ministerio de Defensa.

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto na disposición derradeira décimo segunda da Lei 12/2012, do 26 de decembro.

Durante a súa tramitación o proxecto recibiu informe dos ministerios de Asuntos Exteriores e Cooperación, de Facenda e Administracións Públicas e de Economía e Competitividade e da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Defensa, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de xaneiro de 2014,

## DISPOÑO:

Artigo 1. *Finalidade.*

Este real decreto ten por finalidade establecer as disposicións de desenvolvemento e aplicación do título II da Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.

Artigo 2. *Negociación do contrato entre gobernos.*

1. As actuacións conducentes a celebrar os contratos entre o Goberno de España e outro goberno estranxeiro (en diante «contratos entre gobernos») previstos no artigo 6 da Lei 12/2012, do 26 de decembro, serán responsabilidade da Secretaría de Estado de Defensa.

2. Os contratos entre gobernos serán subscritos polo ministro de Defensa ou pola persoa en quen este delegue, en representación do Goberno de España.

Artigo 3. *Condicións do contrato entre gobernos.*

1. Os contratos entre gobernos poderán recoller, entre outros, os seguintes aspectos:

- a) Obxecto do contrato entre gobernos. Prestacións que se solicitan do Ministerio de Defensa.
- b) Foro xudicial ou arbitral competente para resolver as discrepancias entre as partes contratantes.
- c) Réxime xurídico a que quedará sometido o contrato.
- d) Financiamento, garantías e calendario de situación de fondos.
- e) Medidas de control e seguimento do contrato entre gobernos. Creación dunha comisión de seguimento e establecemento das súas funcións.
- f) Vixencia do contrato.
- g) Causas de resolución do contrato.
- h) Creación dun programa de armamento e material, se for o caso.
- i) Creación de oficina de programa, se procede, o seu funcionamento e liquidación.
- j) Creación dunha oficina de apoio ao subministrado ao país cliente, se procede, o seu funcionamento e liquidación.
- k) Reembolso de gastos ocasionados ao Ministerio de Defensa.
- l) Aspectos financeiros e tributarios, de conformidade coa normativa vixente.
- m) Todas as condicións sobre os transportes.
- n) Modificacións do contrato.
- o) Propiedade intelectual.
- p) Achegas dos gobernos.
- q) Aspectos de seguranza aplicables.

2. En todo caso o contrato deberá recoller necesariamente as alíneas a), b), c) e d) do número 1.

3. Nos contratos entre gobernos poderase facer constar que o Goberno de España reserva para si a facultade de resolución total ou parcial do contrato entre gobernos por razóns de interese público.

4. A existencia dos fondos necesarios para financiar a adquisición de material de defensa por un goberno estranxeiro, na conta que se prevé no artigo 5, será condición necesaria para a execución dos correspondentes contratos coas empresas domiciliadas en territorio nacional.

Artigo 4. *Comisión de seguimento do contrato goberno a goberno.*

Se no contrato entre gobernos se pacta a creación dunha comisión de seguimento, os membros correspondentes á parte gobernamental española serán nomeados polo secretario de Estado de Defensa.

Artigo 5. *Contas de situación de fondos destinadas a financiar a adquisición de material de defensa dun goberno estranxeiro.*

1. A conta de situación de fondos que se establece no artigo 12 da Lei 12/2012, do 26 de decembro, será aberta na entidade financeira contratada segundo o previsto no número 3 dese artigo. A apertura da conta será notificada ao goberno estranxeiro a fin de que poida comezar a cumprir o calendario de situación de fondos que se pacte.

2. Para cada contrato entre gobernos abrírase unha conta de situación de fondos, que se utilizará exclusivamente para o contrato de que se trate. Este mesmo réxime aplicarase a calquera outra conta cuxa apertura resulte necesaria para a execución do contrato.

3. Cada contrato entre gobernos establecerá o seu propio calendario de situación de fondos, así como o depósito inicial exigible ao goberno estranxeiro. O documento para solicitar a este os aboamentos correspondentes será a chamada de fondos.

4. En caso de cambio de entidade de crédito por nova contratación, traspasarase a conta de situación de fondos da antiga entidade á nova e comunicarse o cambio ao goberno estranxeiro e á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira do Ministerio de Economía e Competitividade.

5. Os gastos ocasionados ao Ministerio de Defensa durante a execución destes contratos, coa aceptación previa do goberno estranxeiro nos termos previstos no contrato, serán cargados na conta de situación de fondos e ingresados no Tesouro.

Artigo 6. *Programas de armamento e material.*

1. Se do contrato derivar a creación dun programa de armamento e material, este rexerese pola normativa aplicable aos programas nacionais, coa particularidade de que o material cuxo fornecemento for contratado non pasará a formar parte do patrimonio das administracións públicas.

2. A creación dunha oficina de programa ou dunha oficina de apoio ao subministrado ao país cliente soamente se poderán acordar baixo a condición de que o goberno estranxeiro corra con todos os gastos.

A oficina de programa establecerase a semellanza das que regulamentariamente se regulan para os programas de armamento e material do Ministerio de Defensa. O goberno estranxeiro poderá crear unha oficina de enlace en conexión permanente coa oficina de programa.

3. O secretario de Estado de Defensa nomeará, se for o caso, un xefe de programa e designará o encadramento orgánico da oficina de programa. Terá as funcións e responsabilidades definidas para esta figura na normativa do Ministerio de Defensa para os programas nacionais. Corresponde ao xefe de programa a comprobación dos fitos contractuais e a súa comunicación ao órgano de contratación correspondente, para a súa aprobación e pagamento, se for o caso.

Artigo 7. *Control económico-financeiro.*

1. A Intervención Xeral da Defensa levará a cabo o control da xestión económico-financeira mediante a aplicación analóxica do previsto na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, sobre a administración das cantidades situadas nas contas de situación de fondos e en todo aquilo que corresponda respecto da contratación con empresas españolas do sector da defensa.

Artigo 8. *Contratos con empresas españolas do sector da defensa.*

1. Sen prexuízo do que se estableza no contrato entre gobernos, e en todo o non previsto no título II da Lei 12/2012, do 26 de decembro, a celebración, execución e resolución dos contratos para a execución das actuacións previstas no seu artigo 8.1 rexerá polo texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

2. Os contratos subscritos polo Ministerio de Defensa con empresas españolas do sector da defensa consecuencia dun contrato entre gobernos serán en nome e representación e por conta e risco do goberno estranxeiro.

3. En cumprimento do disposto no artigo 9 da Lei 12/2012, do 26 de decembro, a transferencia de propiedade realizarase directamente desde o contratista ao goberno estranxeiro.

4. O Ministerio de Defensa, nos termos pactados no contrato entre gobernos, reservará para si a facultade de resolver os contratos coas empresas con domicilio en territorio nacional por razóns de interese público, coa indemnización que, se for o caso, poida corresponder de acordo co estipulado neles.

Artigo 9. *Condición de exportador.*

1. Para os efectos da Lei 53/2007, do 28 de decembro, sobre o control do comercio exterior de material de defensa e de dobre uso, a realización polo Ministerio de Defensa das actividades descritas no artigo 8.1 non alterará a condición de exportador do contratista.

2. En particular, será de aplicación o réxime de autorización e rexistro establecido no capítulo II da Lei 53/2007, do 28 de decembro. Sen prexuízo do rexistro previo, a autorización deberase solicitar e obter no momento de proceder á efectiva exportación nos termos obxecto do contrato subscrito co Ministerio de Defensa.

Disposición adicional única. *Aplicación doutra normativa.*

Os preceptos deste real decreto aplicaranse sen prexuízo do establecido na Lei 53/2007, do 28 de decembro, sobre o control do comercio exterior de material de defensa e de dobre uso.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 945/2001, do 3 de agosto, sobre a xestión financeira de determinados fondos destinados ao pagamento das adquisicións de material militar e servizos no estranxeiro e acordos internacionais subscritos por España no ámbito das competencias do Ministerio de Defensa.*

Engádesse unha nova alínea g) ao artigo 1.1 do Real decreto 945/2001, do 3 de agosto, sobre a xestión financeira de determinados fondos destinados ao pagamento das adquisicións de material militar e servizos no estranxeiro e acordos internacionais subscritos por España no ámbito das competencias do Ministerio de Defensa, coa seguinte redacción:

«g) Xestionar os depósitos de países estranxeiros nas contas de situación de fondos creadas ao abeiro do artigo 12 da Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.3.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre relacións internacionais.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o ministro de Defensa para ditar as normas de desenvolvemento e aplicación deste real decreto no ámbito da súa competencia.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de xaneiro de 2014.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Defensa,  
PEDRO MORENÉS EULATE